

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

*Convocatoria e bases do “VI Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras”*

### ANUNCIO

**Convocatoria e bases do “IV Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras”**

Por medio de decreto número 197/2019 de 02/04/2019 resolveuse convocar e aprobar as bases do “VI Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras”, que a continuación se transcriben:

**“VI Mes do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras”**

### OBXECTO

1. O Certame do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras ten a vocación de promover e organizar actividades teatrais, e contribuir á mellora da oferta cultural eumesa, potenciando a divulgación das compañías/agrupacións teatrais afeccionadas.

### CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS

2. O “VI Certame do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras” terá lugar os días 4, 11, 18 e 25 de maio de 2019.
3. A clausura o día 25 de maio realizarase por parte dunha compañía de teatro eumesa.
4. O horario das representacións será ás 20.30 horas. O lugar de tódalas representacións será o salón de actos do IES Breamo situado na Rúa Ricardo Sánchez n.º 5, Pontedeume.
5. As labores de carga e descarga, así como as de montaxe e desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo. Reservarase espazo de aparcamento suficiente para a compañía invitada.

### MEDIOS TÉCNICOS

6. O Salón de Actos do IES Breamo conta coas seguintes dotacións técnicas (Pode descargarse da páxina web do Concello de Pontedeume un plano esquemático do salón de actos):

- Un escenario de 7 m de ancho, 5 m de fondo e 2,5 m de alto. Conta con paso traseiro e entrada directa ao escenario desde o camerino.
- Unha barra exterior dotada de 4 focos PAR e 4 focos PC.
- 3 luces no frontal do escenario con cores intercambiabes.
- Mesa de son e de luces.
- Reproductor de DVD e proxector.
- Toma de corrente.
- Tarima de madeira.
- Telón.
- Patio de butacas cun aforo para 130 persoas.
- Aparcamento reservado para carga e descarga.

### CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

7. O encontro só está aberto a grupos de teatro afeccionado. Cada grupo pode presentar o número de obras que desexe, das cales só poderá ser seleccionada unha. As obras poderán ser representadas tanto en galego como en castelán e deberán ter unha duración mínima de 45 minutos.

8. Non se poderán presentar obras seleccionadas en edicións anteriores deste certame, pero si poderán participar compañías que teñan participado en anos anteriores.

## REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

9. Toda compañía que desexe participar no encontro deberá enviar a seguinte documentación:

- A “Ficha do espectáculo” cuberta cos datos da obra representada. (Pode descargarse da páxina web do Concello de Pontedeume)
- Un mínimo de 3 fotografías do espectáculo e cartel da obra en formato dixital para a promoción do mesmo.
- Un dvd do espectáculo íntegro que representará, ou enlace web para a súa visualización.

10. Todo isto deberá ser facilitado por correo electrónico ás seguintes direccións:

correo@pontedeume.gal e pontedeumeenobras@gmail.com

Ou por correo postal á dirección:

Rúa Real n.º 13

15600 (A Coruña)

Especificando: VI Teatro Aficionado Pontedeume en Obras.

11. A documentación presentada pasará a formar parte dos fondos da organización, quen poderá usala para publicidade deste ou posteriores encontros.

## PRAZO

12. O prazo límite para a presentación da documentación conclúe o mércores 17 de abril de 2019.

## SELECCIÓN

13. A selección e organización por parte do Concello de Pontedeume poderá contar coa posibilidade de nombrar asesores ou contratar servizos de asesoramento.

## CACHÉ

14. O Concello de Pontedeume abonará un caché de 350 € a cada unha das tres compañías seleccionadas

Para poder facer efectivo o ingreso dese caché cada compañía ou agrupación teatral deberá aportar, unha vez representada a obra a seguinte documentación:

- Unha certificación bancario do número de conta do que sexa titular.
- Unha factura por 350 € a nome do Concello de Pontedeume (CIF P1507000F, Rúa Real 13, Pontedeume, A Coruña) en concepto de “Representación por participación no VI Mes do Teatro Aficionado Pontedeume en Obras”. Dita factura deberá presentarse a través da plataforma online de presentación de facturas electrónicas.

Punto de entrada automaticada de datos (FACe): [www.face.gob.es](http://www.face.gob.es)

Código da oficina contable: L01150695 INTERVENCIÓN.

Código do órgano xestor: L01150695 ALCALDÍA.

Código da unidade tramitadora: L01150695 INTERVENCIÓN.

## CONFORMIDADE

15. A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

16. Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será resolta polo Concello de Pontedeume de maneira inapelable.”

O que se fai público para xeral coñecemento, dando cumprimento así ao contido da dita resolución.

En Pontedeume, asinado dixitalmente o día 3 de abril de 2019 polo alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro.

2019/2627